

ABRACADABRA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CAMPAMENTOS URBANOS DE NADAL 2022

FORUM E ÁGORA

Durante este campamento de Nadal faremos que a maxia se apodere do Forum e do Ágora. As nenas e nenos son quen de ver a maxia porque a buscan. Soñas coa maxia é o primeiro paso necesario para cambiar a realidade, e so a través da ilusión e as ganas de escudriñar no imposible, descubriremos eses trucos que nos farán asombrar a todas e todos.

A partir deste elemento integrador que é a maxia, xogaremos con varios aspectos relacionados coa diversidade, a tolerancia e a igualdade. Desta maneira, descubriremos que o maior truco que existe é aquel que nos fai desfrutar a todas e todos por igual.

LUGARES E DATAS

No Forum Metropolitano ou no Centro Ágora.

Os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro do 2022 e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro do 2023.

PARTICIPANTES

Nenas e nenos nados/os entre 2011 e 2018, agrupados por idades.

Número de prazas en cada centro: 165, distribuídos en 9 grupos por idades.

Reservarase o 5% das prazas para solicitantes con diversidade funcional en grao que lles permita participar nas actividades motrices co grupo. Non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

No caso de que haxa maior demanda deste tipo de prazas, valorarase individualmente cada unha das solicitudes.

HORARIO

Ordinario: de 10.00 a 14.00 h.

Coa posibilidade de ampliación horaria, para a conciliación familiar:

- ✓ Opción A: de 10.00 a 14.30 h
- ✓ Opción B: de 9.00 a 14.00 h
- ✓ Opción C: de 9.00 a 14.30 h
- ✓ Opción D: de 8.30 a 14.00 h
- ✓ Opción E: de 8.30 a 14.30 h.

As modalidades de ampliación horaria só se porán en marcha cun mínimo de 10 participantes.

Haberá unha pausa de 11.45 a 12.00 h, para a merenda, que cada participante traerá da súa casa.

COTA

Campamento, con horario ordinario: 35,00 €

Para as opcións con ampliación horaria:

Opción A:	Opción B:	Opción C:	Opción D:	Opción E:
38,00 €	40,00 €	42,50 €	42,50 €	45,00 €

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cubre a praza con outra persoa solicitante.

INSCRIPCIÓN

Abrirase o día **1 de decembro**, a través deste [formulario](#), que tamén se pode atopar na nosa páxina web www.coruna.gal/cultura,

A inscrición directa ata cubrir as prazas. Todo o proceso será telemático.

- Unha vez enviado o formulario, no momento recibirá un primeiro correo electrónico co acuse de recibo da información indicada no dito formulario. E, **nun prazo máximo de 24 horas, un segundo correo de Serviplus coa confirmación da praza** (se fai a inscrición en fin de semana, será ó longo do seguinte luns).
Revise a carpeta de “spam” eses días, por se acaso.
- Cando reciba esa a confirmación da praza, ten que **realizar o ingreso** do importe correspondente á modalidade horaria elixida, no seguinte número de conta: **ES76 2080 0036 6230 4002 1977**.
- Una vez aboado, terá que **enviarnos desde a súa conta un correo electrónico a forumagora@serviplus.org co xustificante da transferencia** ou unha captura de pantalla da mesma, onde podamos cotexar que o pago é correcto (xa que por cuestións relacionadas coa protección de datos, non temos acceso á información bancaria das persoas que fan o ingreso, e os acuses de recibo das aplicacións dos diferentes bancos non sempre facilitan os datos que requirimos, xa que nalgúns só envíase o nome do titular da conta, sen indicar o concepto da transferencia). **O prazo remata o 11 de decembro**.

A partir do luns 12 de decembro poderán inscribirse novos participantes ata completar as prazas ofertadas, se quedan vacantes.

Non se farán devolucións, agás que o aforo se complete e se cubra a praza con outro/a solicitante dos que conformen a listaxe de agarda.

+ INFORMACIÓN

Dous días antes do comezo do dito campamento enviarase por correo electrónico ao enderezo desde o que se realiza a inscrición, toda a información relacionada co funcionamento do mesmo.

Se precisan máis información poden solicitala:

- a través do servizo telefónico gratuíto 010 ou
- nos correos electrónicos: forumagora@serviplus.org / forumocio@coruna.es